

B. Testa Fernández (2004): “Algunhas notas diferenciais no galego de Asturias”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 465-473.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ALGUNHAS NOTAS DIFERENCIAIS NO GALEGO DE ASTURIAS

Balbino Testa Fernández

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

O traballo que imos presentar aquí vaise centrar na descrición dunha serie de fenómenos lingüísticos a partir dunha zona moi concreta do panorama lingüístico galego: a terra Navia-Eo.

Hai que sinalar, nun principio, que o principal incentivo que nos moveu á realización deste estudio partiu da lectura dunha obra de Jesús Álvarez Valdés: *As costumbres foron deste xeito* (1992) na cal atopamos, amais duns moi interesantes apuntes etnográficos contados dunha maneira moi orixinal, unhas peculiaridades lingüísticas que chamaron particularmente a nosa atención e que imos tratar de describir aquí, en parte.

Estructurámo-lo traballo atendendo, en primeiro lugar, a unha serie de indefinidos que non están estendidos no galego común, como por exemplo as formas *dalgún, daquén e daqué* e fixemos unha pequena incursión neste punto nas formas con valor partitivo *del, dela (della), delos (deles) (dellos), delas (dellas)*. Máis tarde, tratamos de analizar algúns recursos que nós chamamos enfáticos e de reforzo incluídos dentro do ámbito da negación: estamos a falar de formas como *miga* e *faragulla* utilizadas a cotío para expresar ou para reforza-la negatividade dunha secuencia.

O noso punto de partida xeográfico foi o concello de El Franco, zona que, se tomamos como referencia o mapa dialectal do galego de Asturias que presenta Xoán Babarro¹, está situada na propiamente chamada área asturiana, que se caracteriza fundamentalmente, polo uso do artigo *el (el neno)* e o emprego das terminacións *-ía, -ías* e *-ius (pequenía, vecius)* e dos posesivos *tou(s), sou(s) (el tou libro, el sou can)*. Á súa vez inclúese nunha subárea que ten como marca fundamental a palatal lateral *ll* como resul-

¹ Babarro González, 1994, in *Lingua e cultura galega de Asturias*, pp. 83-148.

tado do L- e do -LL- latino (*lleite, tollo*). Esta subárea abranguería unha zona arredor das localidades da Caridá, Coaña e parte de Navia.

Aínda que para este traballo partimos deste punto concreto, pois foi o texto de Álvarez Valdés o que deu pé para súa realización, non perdemos de vista outras zonas do galego de Asturias e do galego oriental que nos puidesen achegar luz sobre aspectos que aquí se van tratar. Así, tivemos en conta outras obras desta franxa e, así mesmo, gravacións e apuntamentos tomados a través do contacto directo con xente desta área dialectal.

1. ALGÚNS INDEFINIDOS

Nun principio cómpre aclarar que non imos tratar neste primeiro punto as formas que son similares ás do galego común, nin tampouco analizaremos, polo miúdo, algunhas variantes dialectais propias desta zona do galego oriental (*us, uis, alguis, úa, algúa...*), que xa foron obxecto de estudio noutros traballos, senón que tentaremos trata-las formas que teñen unha presenza xeográfica máis reducida, ou non tan reducida nalgúns casos, pero que resultan máis novidosas. É o caso de formas como *dalgún* coas súas variantes de feminino e de plural, *daquén, daqué, dalgo*, e das formas con valor partitivo *del, dela (della), delos (deles, dellos), delas (dellas)*.

O subgrupo que nos vai ocupar poderíase incluír dentro do que Alarcos (1992) chama cuantificadores imprecisos, pois refírense a unha cantidade indeterminada dalgo que non está identificado.

Se atendemos ó ámbito xeográfico do galego de Asturias e ás formas incluídas neste subgrupo que non se dan no galego común, temos que nos fixar, nun principio, nas formas *úa, algúa e ningúa* que son as máis frecuentes no territorio asturiano de fala galega e abranguen practicamente todo este territorio de quitado a zona de Taramundi, Santiso e parte da Veiga, iso si, nalgúns casos (parte dos concellos da Veiga, Castropol e Tapia) en alternancia con *unha, algunha, ningunha*.

Outro grupo de interese nesta franxa exterior está composto polas formas en *-uis* (*uis, algüis, ningüis*) que se empregan no val do Ibias, que chegan mesmo a aparecer en zonas do galego da Fonsagrada non fronteirizas, como por exemplo Lldairo na parroquia de Cuíñas, fronte á variante máis habitual de plural destas formas no galego de Asturias *us, algús, ningús*².

Despois desta pequena referencia ás variantes máis estendidas e que se consideran caracterizadoras deste ámbito xeográfico, ímonos deter especialmente na serie *dalgún, dalgúa, dalgús, dalgúas* que atopamos sistematicamente no texto de Álvarez Valdés.

² Hai que facer notar que nos referimos só a formas de feminino e de plural, pois son as que se desvían do galego común e non nos imos parar, neste traballo, en enumerar elementos que podemos atopar facilmente en calquera gramática.

Igual que sucede no resto do galego coas formas *algún* e as súas variantes de feminino e de plural, *dalgún*, *dalgúa*, *dalgús* e *dalgúas* poden funcionar tanto en posición nuclear coma de adxacentes designando un ou máis elementos dun conxunto ou unha cantidade pequena de algo:

Despós de ter dados dalgús sucos, empezaban us dus angazos (p. 15).

Había nas casas casi sempre dalgúa persona (p. 18).

E sabido que pra desfer us llancos había que poñer dalgún peso nel queizo (p. 31).

*En casi todas as casas había un burro ou un caballo; en dalgúas convivían caballo y burro*³ (p. 35).

O emprego destes indefinidos esténdese a outros textos da zona; así, no prólogo a *Parzamiques* (1993) de García Galano, asinado por Xosé Miguel Suárez, aparecen tamén formas coma estas; nunhas notas sobre a edición do texto di: “...quitáronse entós *dalgús castellanismos*...”.

Na documentación antiga do galego e do leonés non parece que se documenten estas formas; Rufino José Cuervo no *Diccionario de construcción y régimen de la lengua castellana*⁴ refírese ás formas *dalguna* e *dalgunos* do Fuero Juzgo e outros lingüistas coma Diez citan a forma *degún* do Fuero Judgo e observan en dicionarios cataláns e en obras provenzais formas como *dengú*, e *degú*. Ante isto, non falta quen pretende explicar estes indefinidos a partir dunha disimilación da forma *ningu* > *dengu*, pero parece, cando menos, bastante improbable que unha única forma se estendese a todo o paradigma. Ademais, isto non explicaría as formas con líquida que son as que aquí se nos presentan.

Sexa como for, Corominas⁵ refírese a isto como un trazo exclusivo do asturiano dando como posible etimoloxía AD *ALICUNOS e o certo é que hoxe en día están amplamente documentadas formas deste tipo en todo o asturiano occidental e en zonas de Asturias de fala galega coma a que aquí tratamos.

Neste mesmo grupo podíamos situar as formas *daqué* e *daquén* que coinciden máis ou menos co *algo* e *alguén* do galego común e que tamén aparecen nesta franxa cunha distribución xeográfica similar ou mesmo máis ampla cás anteriores.

³ Tomámo-los exemplos directamente da obra de Álvarez Valdés. Nesta obra, como el mesmo especifica no prólogo, “la pronunciación y la grafía no se discuten, ya que nuestra habla, a Dios gracias no está normalizada ni siquiera normativizada. Esta falta de reglas tanto obligatorias como persuasivas hicieron que nuestra habla creciera libre y espontánea...”.

Como vemos as pretensións lingüísticas que marca o autor non son demasiado ambiciosas tendo en conta as especiais circunstancias que vive a lingua na zona occidental de Asturias. É por isto que atopamos ó longo do texto grafías alleas á nosa lingua que coído que hai que ver neste contexto. Se ben estas poden chocar dentro dun ámbito galegófono, non poden disfrazar-la identidade dunha lingua que se identifica a todas luces como galega.

⁴ Vid. Munthe, 1988, pp. 45, 46.

⁵ Corominas, *DECH*, sv *alguno*, *algún*.

A solución taba en que aparecese daquén y che axudase (p. 19).

Nun hai naide que nun teña daqué bon (p. 51).

Si vén daquén, chifra cos didos (Parzamiques p. 19).

Con un daqué nel que inspiraba confianza (Parzamiques p. 93).

Cómpre facer notar que as formas *daquén/algúen e daqué/algo* non se exclúen necesariamente. Así na obra de Álvarez Valdés conviven *daqué e algo*, e nos *Parzamiques* de García Galano atopámo-la forma *daqué* e tamén a forma *dalgo* (variante con *de de algo*) e non aparecen *algúen e algo*. Nesta obra temos exemplos con *dalgo* como:

Pra manter dalgo máis de gado (p. 50).

Era un neno dalgo mazaroco (p. 52).

A pesar disto, se temos conta os estudos feitos sobre falas do galego de Asturias e do asturiano occidental parece que poden convivir ámbalas dúas formas (*algúen, algo e daqué, dalgo*) sen maiores inconvenientes.

Quizais a explicación a esta forma *dalgo* teña bastante que ver coa forma *daqué* e así, a partir dun *daqué* cun sentido semántico similar ó de *algo*, púidose crear unha forma *dalgo* tamén con *d* inicial, pasando a ter tres significantes para expresar ese mesmo valor semántico, ou regularizando o paradigma con *d* inicial. Neste sentido, non sería nada raro que funcionase un fenómeno analóxico, no cal poderían tamén te-lo seu peso as formas *dalgún, dalgúa, dalgús e dalgúas*.

Sen saírmonos deste punto, temos outro grupo de formas que están máis documentadas no galego oriental; estamos a falar das formas con valor partitivo *del, dela (della), delos (deles, dellos), delas (dellas)* que se orixinan gracias ó encontro da preposición *de* e dos pronomes persoais de terceira persoa *el, ela (ella), eles (eles, ellos), elas (ellas)* cun significado equivalente a *un pouco de, unha pouca de* etc.

O que fai este grupo é restrinxi-la extensión do concepto nominal ó que acompaña e, polo tanto, pódese incluír tamén no grupo que Alarcos denomina cuantificadores imprecisos, cun valor de particularización.

Son formas que poden presentar unha función nuclear ou adxacente, neste segundo caso, teñen que preceder necesariamente o núcleo nominal. Podemos dicir: *dáme del xamón* e ante preguntas do tipo *¿quieres xamón?* sería esperable unha resposta como: *dáme del* ou *quero del*.

Se temos en conta isto, vemos que o valor desta serie é equivalente ó que vimos xa na forma *dalgún* designando unha pequena cantidade, cando acompaña a substantivos non contables e un número reducido, cando acompaña a substantivos contables. Neste caso, contrariamente ó que dixemos con anterioridade para *dalgún*, non podería referirse a un único elemento.

Este ano xa tiña segada dela herba antes del San Xoán.

Tíamos delas creixas aí abaxo e coméronas todas os páxaros.

Tanto neste grupo coma no anterior estámonos movendo sempre no ámbito de formas que cuantifican dunha maneira imprecisa, imprecisión que se nos pon de manifesto claramente cando vemos que acompañadas de adverbios como *ben* o seu significado varía e xa non indica unha pequena cantidade senón unha cantidade considerable equivalente a *bastante, moito*; así témo-la locución *ben deles, ben delas* que se estende por toda a xeografía galega con este valor⁶:

¿Colliche muitas truitas onte?

– *Ai, inda collín ben delas* (moitas, bastantes).

Hai outras construcións moi documentadas no territorio galego que tamén conservan un certo valor partitivo e que quizais se poderían poñer en relación con estas formas; construcións como: *os máis deles, as máis delas; que de, ben de*; que podemos ver en exemplos do tipo:

Os máis deles tiñan que pasa-lo día alí. (A maioría tiñan que pasa-lo día alí).

Que de xente hai neste sitio. (Hai moita xente).

Di ben de burradas. (Di moitas burradas).

Trátase en tódolos casos de expresións con preposición que pretenden destacar unha cantidade abundante sen especificala.

Non quixera rematar este primeiro punto sen nomear, cando menos, algunhas construcións moi frecuentes nas obras que analizamos e no galego de Asturias en xeral que teñen un carácter indefinido amosando unha cuantificación imprecisa e, xeralmente, elevada. Coido que é importante que as teñamos presentes pois hai unha certa tendencia, cando falamos dos indefinidos, a referírmonos simplemente a un abano de formas máis ou menos amplo e moi ben delimitado que expresa uns valores de imprecisión ou de indeterminación, pero a lingua habilita case sempre outras construcións para expresar estes significados; algunhas delas son propias da fala coloquial mentres que outras son susceptibles de empregarse en todo tipo de contextos. Sen saírmonos da obra de Álvarez Valdés, temos varios exemplos que amosan claramente eses valores, valores que poden ser enfatizados polo falante por medio da entoación.

Mete medo el labor que daba (daba moito labor).

Había úa d' homes na aira (había moitos homes).

Pillaron úa boa chea de traballo (tiveron moito traballo).

Llevara úa xeira de esmorecer (tivera un tempo de traballo con moito apuro).

Cabían colmos a 'sgaya (cabían moitos colmos).

⁶ Hai que salientar que na zona que estamos a estudar tamén son posibles as formas de singular *ben del* e *ben dela*:

¿Tes muito trigo este ano?

– *Teño ben del.*

¿Quédache muita herba por recoller?

– *Home, quedar queda pero xa che recollín ben dela.*

Non imos facer aquí un estudio dos procedementos de expresión da negación na zona senón que imos analizar certos recursos “enfáticos” e “de reforzo” que aparecen de forma moi habitual no galego desta franxa e que son, á súa vez, bastante frecuentes en amplas zonas do galego de Asturias. Referímonos a substantivos que actúan habitualmente coma reforzos da negación ben sexa cun valor enfático, ben sexa cun valor de hipercharacterización.

As formas nas que nos imos centrar non teñen un sentido negativo en si mesmas pero chegan a adquirilo en determinados contextos podendo mesmo funcionar, como imos comprobar máis tarde, coma palabras cargadas cun contido puramente negativo.

Se ben no latín clásico a duplicidade na negación se empregaba como medio para expresar unha afirmación, no latín vulgar e nas linguas romances a combinación de dous elementos converteuse moitas veces nun recurso para reforza-la negación e incluso hai linguas coma o francés onde a presenza de dous elementos negativos é obrigatoria.

Xa no latín vulgar había unha tendencia a reforza-la negación con substantivos que indicaban unha pequena parte dun todo ou que facían referencia a obxectos dun valor nulo⁷, tendencia que se trasladou ás linguas románicas nas que atopamos palabras, normalmente substantivos, que indican unha cantidade pequena de algo, empregadas coma reforzos dunha negación que, normalmente, xa vai expresa en posición prenuclear.

Sen embargo, non tódalas linguas teñen estendidas estas estruturas. O romanés, por exemplo, parece que non coñece máis cá forma *mica*, forma tamén moi usual na maioría romances e que veremos máis adiante no noso caso. Outras formas coma as provenientes de GUTTA e de PUNCTU tamén están estendidas polas linguas románicas, aínda que cunha menor presenza cá anterior e cunha importancia máis variable segundo as linguas; por exemplo o francés e o italiano empregan con moita frecuencia as formas derivadas do PUNCTU latino fronte a outras linguas románicas coma o provenzal ou o castelán.

Estas palabras tenden a aparecer despois do verbo e este leva antes unha partícula que actúa como marcador da negación, aínda que, como veremos, non sempre é así. Nun principio, pódense considerar, xa que logo, coma reforzos doutra negación prenuclear que é a que establece realmente a negatividade da secuencia predicativa.

É ben sabido que no galego común hai certas palabras que poden desempeñar esta función, tal é o caso de *migalla*, *cousa*, *chisco*... Nuns casos a lexicalización destas expresións foi maior ca noutros, onde a palabra non perdeu totalmente o seu significado orixinario polo que só é posible o seu emprego con certos verbos, este é o caso de: *non ver un palmo de terra*, *non comer un bocado*⁸.

⁷ López Gato, 1984, p. 78.

⁸ Álvarez / Montegudo / Regueira, 1986, pp. 460-461.

Os substantivos que atopamos no texto de Álvarez Valdés que funcionan case sistematicamente coma reforzos de negación, ou que mesmo chegan a adquirir unha significación puramente negativa son dous: *miga* e *faragulla*. Abonda con botar unha ollada a outras obras desta franxa para decatármonos que estamos ante un recurso moi usual nesta área asturiana de fala galega.

Trátase de estruturas do tipo:

Nun era miga descansad' a llaboría esta (p. 27).

Nun disimulaba úa faraguya (p. 19).

Nun se llevaban miga ben (p. 35).

Esta llabor nun era miga llixreira (p. 38).

Sin ferche celergas nin úa faragulla de gracia (p. 65).

Se analizámo-los exemplos que aparecen coa forma *miga*, observamos que temos fundamentalmente casos de dobre negación que se poden poñer en relación con outros moito máis frecuentes no galego común; refirome a estruturas negativas que se coñecen habitualmente como negacións parciais: *non veu ningún, non trouxo nada*... Nestes casos a negación explicitase de maneira descontinua a través de dous elementos que se complementan para expresa-lo sentido negativo, posto que o valor negativo de frases coma estas podiamos expresalo igualmente cunha única marca de negación: *ningún veu, nada trouxo*.

Non podemos falar no primeiro caso de enfatización porque o valor enfático que tiñan estes elementos en latín xa se perdeu; debemos pensar, daquela, que estamos ante dúas formas distintas de expresar un mesmo enunciado negativo; unha cun único marcador de negación e outra con dous.

Á vista dos exemplos, observamos que a forma *miga* está a adquirir, nalgúns contextos, uns valores moi similares ós que ten a forma *nada* do galego común, chegando mesmo a funcionar con sentido negativo en contextos onde non hai outra partícula que marque esta negación. Neste caso xa non estaríamos perante un reforzo negativo senón perante unha palabra que en si mesma expresa negatividade.

De pouco ou de miga ye valían os consellos de Xan (Parzamiques, p. 45).

Era úa muller traballadora, que fía polo sou, i miga alxapieira (Parzamiques, p. 45).

Hai que falar, daquela, dun substantivo que se baleirou do seu significado orixinal e que pasa a ser marcador negativo. En xeral vai acompañado doutra partícula de negación, en frases onde esta se expresa dunha maneira descontinua, pero pode tamén absorbe-lo papel de protagonista e presentárenos como único marcador dunha secuencia que expresa negatividade.

Contrariamente ó que pasaba coa forma que acabamos de analizar, o substantivo *faragulla* emprégase sempre coma reforzo doutra negación que xa lle infunde á secuencia un sentido negativo. Non atopamos exemplos onde *faragulla* actuase como único mar-

gador de negatividade e, en case tódolos casos que se nos presentaron, aparecía precedida de numerais ou de indefinidos que expresaban unha cuantificación mínima.

Pasabas úa mañá ou úa tarde sin úa faragulla de diversión (p. 74).

A cousa nun ye gustaba úa faragulla (p. 94).

Eran comentarios sin úa fargulla de envidia (p. 49).

Non estamos, polo tanto, ante un marcador de negación da entidade do que acabamos de ver, xa que o seu significado orixinario non se perde na súa totalidade. Podemos consideralo máis ca unha partícula puramente negativa un elemento de reforzo, iso si, cun abano de posibilidades contextuais amplo, pero que, cando menos no que nós coñecemos, non absorbe en si mesmo o protagonismo da negación.

Xa para rematar este pequeno comentario, coido que é importante salientar que estas formas acompañadas de partículas coma *sin* ou *nin* engádenlle á negación un sentido enfático que non ten cando lle falta algún deses elementos. En García García, J. (1983)⁹ temos un exemplo bastante ilustrativo disto: ante unha pregunta do tipo *¿tes del pan?* a resposta é:

– *No, nun teño miga: nin faraguya*

Ese *nin faragulla* amosa un sentido enfático que a secuencia anterior non presenta. Se prescindimos da última parte da frase, esta non modifica o seu significado no esencial, pero perde ese segundo valor que marca a énfase no que se está a negar.

CONCLUSIÓN

Podemos afirmar que na zona occidental de Asturias e na parte máis oriental de Galicia temos aínda unha boa presenza de elementos de carácter partitivo que se nos amosan sobre todo na serie *del, dela (della), delos (deles) (dellos), delas (dellas)*, cuns valores que, nun sentido xeral, indicarían unha parte da unidade no singular e unha parte do conxunto de unidades no plural.

Aparece tamén outro grupo de formas emparentadas con estas no seu significado e na súa expresión (tamén con *d* inicial): *dalgún, daquén e daqué*, que expresan uns valores equivalentes ás formas *algún, alguén e algo* do galego común.

Finalmente referímonos a substantivos como *miga* e *faragulla* empregados en contextos negativos e chegamos á conclusión de que nuns casos estamos perante negacións parciais que se expresan dunha maneira discontinua, noutros perante reforzos que cargan de énfase o enunciado negativo e noutros perante palabras que abundan en si mesmas para marca-la negatividade dunha secuencia.

⁹ García García, 1983, p. 232.

- Acevedo y Huelves, B. / Fernández y Fernández, M., *Vocabulario del bable de occidente*, Madrid, Centro de Estudios Históricos, 1932.
- Alarcos Llorach, E., *Estudios de gramática funcional del español*, Madrid, Gredos, 1992.
- Álvarez, R. / Monteagudo H. / Regueira, X. L., *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1986.
- Álvarez Valdés, J., *As costumbres foron deste xeito (Occidente de Asturias)*, Excmo. Ayuntamiento de El Franco, 1992.
- Babarro González, X., *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, Tese de doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela, 1994, inédita.
- “A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias” in F. Fernández Rei (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1994, 81-148.
- Cano González, A. M^a, “El habla de Somiedo (Occidente de Asturias)”, *Verba. Anuario galego de filoloxía*, Vols. 4-5, Univ. de Santiago de Compostela, 1977-1978.
- Corominas, J / Pascual, J. A., *Diccionario etimológico castellano e hispánico*, vol. I, Madrid, Gredos, 1980.
- Fernández Braña, B. *et alii*, *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, Eilao, MDGA, 1990.
- García García, J., *El habla del Franco (Una variante lingüística del occidente de Asturias)*, Mieres del Camino, Instituto Bernaldo de Quirós, 1983.
- Iordan, I. / Manoliu, M., *Manual de lingüística románica*, Madrid, Gredos, 1980.
- Junquera Huergo, J., *Gramática Asturiana*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 1991, (inédita 1869).
- López Gato, R. M^a, *A negación na prosa galega medieval*, Tese de licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela, 1984, inédita.
- Menéndez Pidal, R., *El dialecto leonés*, Oviedo, Instituto de Estudios Asturianos, 1962.
- Munthe, A. W. S., *Anotaciones sobre el habla popular de una zona del occidente de Asturias*, Uviéu, Biblioteca de Filoloxía Asturiana, 1988.
- Santamarina Fernández, A., *El habla del valle del Suarna*, Tese de Doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela, 1973, inédita.